



RESOLUCIÓN DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA POLA QUE PUBLICA A RELACIÓN DE ADXUDICATARIOS DAS VACANTES DOS MESES DE MAIO, XUÑO, XULLO E AGOSTO DE 2017 NO PROCEDEMENTO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA PROVISIONAL DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA.

Con data 27 de xaneiro de 2017 asinouse Acordo entre a Xerencia de Xestión Integrada da Coruña e os representantes dos traballadores das centrais sindicais CCOO, CESM-OMEGA, CIG, SAE e UXT co obxecto de regular os procesos de mobilidade voluntaria provisional dentro do ámbito territorial da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Área Sanitaria de A Coruña.

Despois de publicada a resolución de 15 de setembro de 2017 coa oferta das vacantes producidas nos meses de maio, xuño, xullo e agosto, esta Xerencia de Xestión Integrada, de conformidade coa base sexta do Acordo de mobilidade provisional,

RESOLVE

Primeiro: Publicar a relación de adxudicatarios das vacantes ofertadas no mes de setembro na Resolución da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña do 15 de setembro de 2017.

Segundo: Os anexos coas listaxes mencionadas no apartado anterior poderán examinarse no taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada do Hotel de Pacientes, na web do Espazo do profesional desta Estrutura e no taboleiro de anuncios da Dirección do Hospital de Cee.

A Coruña a 21 de setembro de 2017

O Xerente da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña


SERVIZO GALEGO de SAÚDE | Xerencia de Xestión Integrada
A Coruña

Asdo.: Luis Verde Remeseiro

DILIXENCIA, que se expide para facer constar que a presente resolución foi publicada no taboleiro de anuncios da Xerencia e na páxina web do Espazo do profesional da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña o día 21 de setembro de 2017.

O Director de Recursos Humanos da EOXI de A Coruña

Asdo.: Javier Fernández Nistal

